

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36020295	IES Mestre Landín	Marín	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Educación Dixital	3º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	8
4.2. Materiais e recursos didácticos	8
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	9
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	9
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	11
6. Medidas de atención á diversidade	12
7.1. Concreción dos elementos transversais	12
7.2. Actividades complementarias	14
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	14
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	15
9. Outros apartados	15

1. Introducción

Una aproximación estadística dos resultados académicos do noso alumnado nos pasados anos indica que promocionan por méritos propios un 80%, 70%, 70% e 90% do alumnado nos cursos de 1º a 4º ESO respectivamente. Das materias de tecnoloxía a ratio de superación sería do 85%, 90% e 95%. Ao redor dun 10% do alumnado de cada grupo é repetidor sendo maior este valor no segundo curso. Por este motivo é preciso realizar un seguimento da evolución do alumnado aplicando as medidas de atención á diversidade para evitar o abandono temperá.

A lingua vehicular do alumnado é o castelán, coincidente coa lingua establecida para a materia. Non obstante, dado a nosa participación na seccións bilingüe do centro estamos implicados na mellora da competencia lingüística.

O centro conta con instalacións óptimas para o desenvolvemento da materia de tecnoloxía, así como orzamento suficiente para atender as necesidades de material funxible. Isto permite a realización de actividades no taller que supoñen una motivación extra para o alumnado que da como resultado a tasa alta de superación da materia.

Para o presente curso o profesorado integrante do departamento será:

Héber Jaime García Fernández: Xefe de departamento

Maria Aránzazu Legaspi García

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Utilizar dispositivos dixitais, identificando os elementos que os compoñen e a súa función no conxunto, configurando as súas características en función das necesidades persoais e mediante diferentes medios dixitais para poder organizar a información dun xeito eficaz.				2			3	
OBX2 - Organizar, deseñar e producir información dixital de forma individual e colectiva utilizando as ferramentas máis adecuadas para a súa publicación e difusión facendo un uso responsable e ético das tecnoloxías aplicadas.	3	2-3	4	1-2-3	3-4	1-2-3-4	3	4
OBX3 - Desenvolver algoritmos e aplicacións informáticas en distintas contornas, aplicando os principios do pensamento computacional para crear solucións a problemas concretos cunha actitude emprendedora, perseverante e creativa.				5	5			
OBX4 - Xestionar e protexer a pegada dixital aplicando medidas preventivas para identificar e reaccionar ante riscos e ameazas ao benestar persoal, facendo un uso responsable e ético da información e a comunicación dixital.	2	3	5	3-4	1-2-5	2-3	1	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Hardware	Elementos fundamentais, estudo en profundidade das opcións para cada usuario	15	17	X		
2	Software	Análise dos diferentes entornos operativos e a súa configuración	15	12	X		
3	Imaxe	Ferramentas habituais de tratamento da imaxe	5	10	X		
4	Análise de datos	Análise de datos a través de follas de cálculo	12	10		X	
5	Seguridade na rede	Análise dos riscos da rede e hábitos para a seguridade	10	11		X	
6	Contidos dixitais	Coñecer as ferramentas e normas para a creación de contidos en texto	13	14		X	
7	Pensamiento computacional	Emprego dos algoritmos, diagrama de fluxo para creación de aplicacións como videoxogos	17	21			X
8	Presentacións	Emprego de ferramentas de presentación do contido	13	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Hardware	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1.2. - Coñecer os elementos dos equipamentos informáticos, identificando os elementos que os configuran e a súa función no conxunto.	Identificar os elementos que determinan a capacidade e describir o funcionamento no grupo	PE	60
CA1.1.1. - Investigar e analizar as características dos equipos informáticos	Descubrir e xustificar os equipamentos básicos dos equipos informáticos	TI	40
CA1.1 - Utilizar equipamentos informáticos, identificando os elementos que os configuran e a súa función no conxunto.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Arquitectura de computadores: elementos, montaxe e configuración.

UD	Título da UD	Duración
2	Software	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2.1. - Describir os sistemas operativos, configuracións as súas características en función das súas necesidades persoais.	Coñecer as configuracións básicas dos sistemas operativos dos equipos.	PE	60
CA1.2.2. - Investigar e analizar a información referente aos diferentes opcións do panel de control dos entornos de Sistemas Operativos	Identificar os elementos comúns e diferenciados dos sistemas opertivos	TI	40
CA1.3 - Organizar a información de maneira segura, utilizando diferentes medios dixitais para a procura rápida e eficaz na súa xestión.	Coñecer as normas de almacenamento seguro da información e as súas copias de seguridae		
CA1.2 - Manter sistemas operativos, configurando as súas características en función das súas necesidades persoais.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Sistemas operativos: configuración de usuario e operacións básicas de organización. - Almacenamento da información: operacións básicas de organización e copias de seguridade.

UD	Título da UD	Duración
3	Imaxe	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1.1. - Identificar as bases para crear, integrar e reelaborar contidos de imaxe.	Coñecer os formatos de arquivos e editar imaxes no paquete office	TI	100
CA2.1 - Crear, integrar e reelaborar contidos dixitais de forma individual ou colectiva, seleccionando as ferramentas máis apropiadas para xerar novo coñecemento e contidos dixitais de maneira creativa.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Formatos de arquivos. Formatos abertos. Estándares de formato na produción de información dixital. - Tratamento básico da imaxe dixital.

UD	Título da UD	Duración
4	Análise de datos	10

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1.3. - Crear, integrar e reelaborar contidos dixitais de forma individual ou colectiva, mediante follas de cálculo	Aplicar as ferramentas básicas para o análise de datos	PE	100
CA2.1 - Crear, integrar e reelaborar contidos dixitais de forma individual ou colectiva, seleccionando as ferramentas máis apropiadas para xerar novo coñecemento e contidos dixitais de maneira creativa.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Operacións básicas en follas de cálculo. Creación de gráficos. Elaboración de informes sinxelos.

UD	Título da UD	Duración
5	Seguridade na rede	11

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Protexer os datos persoais e a pegada dixital xerada en Internet, configurando as condicións de privacidade das redes sociais e en espazos virtuais de traballo.	Identificar as ferramentas básicas de protección da privacidade	TI	100
CA4.2 - Xestionar contrasinais nos distintos servizos e dispositivos dixitais de uso habitual.	Establecer os niveis básicos de contrasinais		
CA4.3 - Identificar e saber reaccionar ante situacións que representan unha ameaza na rede escollendo a mellor solución entre diversas opcións e valorando o benestar persoal e colectivo.	Identificar as situacións de ameaza		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Seguridade de dispositivos. Xestión de contrasinais.
- Recursos para a protección da información e datos persoais, da identidade e dos contidos dixitais. Configuración en espazos virtuais de traballo.
- Seguridade na saúde física e mental: aplicacións ou medidas que deben adoptarse fronte aos riscos e ameazas ao benestar persoal. Opcións de resposta. Situacións de violencia e de risco na Rede.

UD	Título da UD	Duración
6	Contidos dixitais	14

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1.2. - Crear, integrar e reelaborar contidos dixitais de forma individual ou colectiva mediante procesadores de texto	Identificar os elementos comúns e diferenciados dos sistemas opertivos	TI	100
CA2.1 - Crear, integrar e reelaborar contidos dixitais de forma individual ou colectiva, seleccionando as ferramentas máis apropiadas para xerar novo coñecemento e contidos dixitais de maneira creativa.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procesos de produción de documentos con aplicacións ofimáticas e de deseño gráfico. Maquetación, aplicación de estilos e formatos. Índices interactivos. Importación de imaxes e gráficos.

UD	Título da UD	Duración
7	Pensamiento computacional	21

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Comprender o fundamento básico dos algoritmos e diagramas de fluxo utilizando contornas de programación gráfica.	Crear algoritmos e diagramas de fluxo básicos.	PE	80
CA3.2 - Desenvolver aplicacións sinxelas para computadores, dispositivos ou móbiles, dando solución a problemas definidos cunha actitude emprendedora, perseverante e creativa.	Creación de aplicación sinxela nun dispositivo	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Utilización de estruturas básicas de programación.
- Uso de datos. Constantes e variables.
- Desenvolvemento de aplicacións sinxelas para computadores e/ou dispositivos móbiles mediante contornas de programación gráfica.

UD	Título da UD	Duración
8	Presentacións	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Interactuar en plataformas dixitais, compartindo e publicando información e datos, cunha actitude participativa.	Crear presentacións incluíndo os elementos básicos e compartindo na rede	TI	100
CA4.4 - Valorar a importancia da protección dos dereitos de autoría, utilizando aplicacións, datos e creacións dixitais de terceiros de xeito ético, respectando as licenzas de utilización.	Coñecer as normas de autoría e uso das licenzas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Presentacións en distintas plataformas dixitais, integrando elementos multimedia. - Colaboración en rede. Ferramentas de creación de contidos e aprendizaxe colaborativa na Rede. - Uso de recursos e contidos de dominio público ou con licenzas que permitan o seu uso.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Segundo o agrupamento do alumnado, as actividades estableceranse do seguinte modo:

En grupo de clase:

- Exposición de temas e rexistro no caderno por parte do alumnado.
- Control de traballos realizados.
- Exposición de traballos individuais ou en equipo.
- Posta en común.

En equipo:

- Preparación e deseño de proxectos .
- Distribución do traballo.
- Busca de materiais e fontes.
- Posta e presentación do traballo.

En forma individual:

- Realización de experiencias.
- Realización de probas.
- Elaboración do caderno de clase.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula Virtual

Material da aula-taller
Biblioteca de aula
kit de robótica
Impresora 3D

Aula Virtual

- Exercicios de repaso
- Unidades didácticas elaboradas polo docente
- Vídeos explicativos

Material da aula-taller

- Equipamento da aula-taller: mobiliario de aula-taller, maquinas, ferramentas.
- Materiais para estudo, montaxe e comprobación de circuitos eléctricos, electrónicos, nuemáticos, etc.

Biblioteca de aula

- Libros de texto
- Manuais de robótica

Kit de robótica

- 5 robots mbotranger
- Kit de arduino

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

-A avaliación inicial realizarase mediante a revisión diaria das das producións do alumnado no caderno e na aula virtual da caligrafía, lectura e comprensión de textos.

- Antes da avaliación inicial, se os prazos o permiten, realizarase unha primeira proba dos contidos tratados ata o momento. Desta forma poderemos avaliar a capacidade do alumnado tendo asegurado que os criterios de avaliación propostos foron traballados correctamente.

- Logo da información recibida polo departamento de orientación nas sesións de avaliación e o recollido polo docente procederase a tomar as medidas de atención á diversidade oportunas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	15	5	12	10	13	17	13	100
Proba escrita	60	60	0	100	0	0	80	0	44
Táboa de indicadores	40	40	100	0	100	100	20	100	56

Criterios de cualificación:

CONCRECIÓN DOS PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN POR UNIDADES DIDÁCTICAS

UD 1. HARDWARE

Procedemento de Avaliación: tarefas de clase . Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. Peso no total da UD: 40% Criterios de Avaliación Avaliados: CA1.1.1

Procedemento de Avaliación: proba obxetiva escrita. Instrumento de Avaliación: proba escrita. Peso no total da UD: 60% Criterios de Avaliación Avaliados: CA1.1.2

UD 2. SOFTWARE

Procedemento de Avaliación: tarefas de clase. Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. Peso no total da UD: 20% Criterios de Avaliación Avaliados: CA1.2.2

Procedemento de Avaliación: proba obxetiva escrita. Instrumento de Avaliación: proba escrita. Peso no total da UD: 60% Criterios de Avaliación Avaliados: CA1.2.1

Procedemento de Avaliación: tarefas de clase. Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. Peso no total da UD: 20% Criterios de Avaliación Avaliados: CA1.3

UD 3. IMAXE

Procedemento de Avaliación: tarefas de clase . Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. Peso no total da UD: 100% Criterios de Avaliación Avaliados: CA2.1.1

UD 4. Análises de datos

Procedemento de Avaliación: proba obxectiva escrita . Instrumento de Avaliación: proba escrita. Peso no total da UD: 100% Criterios de Avaliación Avaliados: CA2.1.3

UD 5. SEGURIDADE NA REDE

Procedemento de Avaliación: Tarefas de clase. Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. Peso no total da UD: 40% Criterios de Avaliación Avaliados: CA4.1

Procedemento de Avaliación: Tarefas de clase. Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. Peso no total da UD: 20% Criterios de Avaliación Avaliados: CA4.2

Procedemento de Avaliación: Tarefas de clase. Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. Peso no total da UD: 40% Criterios de Avaliación Avaliados: CA4.3

UD 6. Contidos Dixitais

Procedemento de Avaliación: Tarefas de clase. Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. Peso no total da UD: 100% Criterios de Avaliación Avaliados: CA2.1.2

UD 7 PENSAMENTO COMPUTACIONAL

Procedemento de Avaliación: proba obxectiva escrita. Instrumento de Avaliación: proba escrita. Peso no total da UD: 80% Criterios de Avaliación Avaliados: CA3.1

Procedemento de Avaliación: tarefas de clase . Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. Peso no total da UD: 20% Criterios de Avaliación Avaliados: CA3.2

UD 8. PRESENTACIÓNS

Procedemento de Avaliación: Tarefas de clase. Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. Peso no total da UD: 50% Criterios de Avaliación Avaliados: CA2.2

Procedemento de Avaliación: Tarefas de clase. Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. Peso no total da UD: 50% Criterios de Avaliación Avaliados: CA4.4

UD 8. PROGRAMACIÓN

No caso de que un criterio de avaliación non poida ser avaliado no grupo clase repartirase o peso do mesmo dentro dentro da mesma unidade ou no trimestre de ser un único o criterio na avaliación.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación de cada unha das 3 avaliacións do curso, virá dada pola media ponderada das cualificacións das unidades didácticas desenvolvidas na avaliación. A ponderación establecerase en base aos pesos outorgados a cada unidade didáctica no apartado 3.1 desta programación.

A cualificación final do curso virá dada pola media ponderada das cualificacións de cada unha das 3 avaliacións do curso.

Cálculo da nota final do curso:

$$\text{NOTA FINAL} = 35\% 1^{\text{ª}}\text{aval} + 35\% 2^{\text{ª}}\text{aval} + 30\% 3^{\text{ª}}\text{aval}$$

Criterios de recuperación:

O alumnado que non supere a avaliación, deberá realizar novamente as probas escritas e entregar as actividades propostas logo de comezar seguinte avaliación. A cualificación final de cada proba corresponderá á maior das obtidas en cada unha das oportunidades. O resto do alumnado pode presentarse a estas probas de forma voluntaria. No caso da terceira avaliación, a recuperación realizarase nas últimas dúas semanas do curso como norma xeral.

A recuperación realizarase por cada unidade didáctica. A nota final calcularase tendo en conta as novas cualificacións obtidas e seguindo o procedemento establecido:

$$\text{NOTA FINAL} = 35\% 1^{\text{ª}}\text{aval} + 35\% 2^{\text{ª}}\text{aval} + 30\% 3^{\text{ª}}\text{aval}$$

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado que na convocatoria de final do curso anterior siga sen acadar cualificación positiva neste materia e promocióne de curso, levará a materia correspondente pendente.

A avaliación deste alumnado realizarase nas tres avaliacións parciais do curso e a súa evolución virá recollido no plan específico de reforzo para este alumnado.

A avaliación realizarase mediante a realización de probas escritas que versarán sobre os estándares traballados no curso non superado polo alumno. Este instrumento suporá o 100% da cualificación.

O cálculo da avaliación final realizarase coa media arimétrica das tres avaliacións. Para poder obter unha cualificación positiva na materia será necesario obter unha nota de 5 ou superior.

O alumnado pode solicitar un boletín de traballo que non será tido en conta para a avaliación.

6. Medidas de atención á diversidade

Unha vez detectadas as necesidades educativas específicas, estableceranse as medidas apropiadas: Reforzo educativo:

- Reforzo educativo para o alumnado con necesidades educativas.
- Reforzo educativo para o alumnado que non supere a materia na primeira avaliación.
- Reforzo educativo para o alumnado repetidor.
- Reforzo educativo para o alumnado coa materia pendente.

Para a elaboración do reforzo educativo de cada caso avaliarase as necesidades de emprego dalgunha das seguintes recursos pedagóxicos:

- Realización de exames con reforzo visual.
- Realización de exames secuenciado en diferentes follas.
- Supervisión diaria do caderno e actividades de aula.
- Entrega de materiais impresos de reforzo.
- Entrega dos materiais empregados online en formato papel.
- Supervisión da evolución das probas escritas, revisando que realice todas preguntas.
- Indicación ao inicio das sesións das actividades previstas para a sesión.
- Recordar a necesidade de anotar as tarefas e probas próximas.
- Explicación pormenorizada dos enunciados dos exercicios.
- Revisión da axenda para revisar as datas de exames e tarefas próximas.
- Marcar no caderno os apartados incompletos e ou a corrixir.
- Realización de exames orais.
- Evitar sinalar os erros ou despistes propios da dislexia.
- Realización de gravacións de audio ou vídeo das explicacións.
- Reserva de dun 20% adicional de tempo para a realización de probas.
- Reforzos positivos para afianzar o positivismo cara as actividades.
- Aplicar instrucións e normas en linguaxe positiva.
- Ignorar condutas disruptivas menores.
- Realización de mapas conceptuais na aula para resumir.
- Secuenciar as tarefas de forma que estean claros os pasos a seguir para a consecución das mesmas.
- Realización de tarefas curtas alternando pausas.
- Evitar programar actividades de reforzo fora do horario escolar .
- Usar apoios visuais, axendas, horarios, listas, etc para indicarlle o que ha de facer, como, cando e onde.
- Comprobar, cada certo tempo, que entende as explicacións a través de preguntas directas ou involucrándoo na explicación.
- Permitir que expresen os seus intereses de forma puntual intentado orientalos á actividade que estase levando na aula.
- Establecer pautas de comunicación entre os compañeiros e o alumno para pedirle que están cansos dun tema concreto.
- Buscar un compañeiro ou compañeira que lle lembre ou axude a tomar notas importantes.
- Anticipar e explicar os posibles cambios para flexibilizar e adaptarse aos imprevistos.
- Formular as preguntas empregando as mesmas terminoloxías que aparecen nos seus apuntamentos.
- Redactar as preguntas de forma precisa, sen partes implícitas, evitando erros do alumnado por unha lectura literal das preguntas.
- Establecer proximidade ou contacto ocular co neno, asegurando así a súa atención.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital:	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial				X			X	
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico			X	X			X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores			X		X			X
ET.8 - Igualdade de xénero			X					X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación para a saúde:			X		X			
ET.11 - Formación estética:			X			X		X
ET.12 - Educación para a sostibilidade e o consumo responsable:	X	X						
ET.13 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais	X	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Comprensión de lectura: tarefas de clase e proxectos, nas que o alumnado terá que comprender os distintos enunciados e procurar información para investigar e resolver os problemas formulados.

Expresión oral e escrita: resolución das tarefas de clase e elaboración de documentación.

Comunicación audiovisual: presentación de actividades e proxectos mediante creacións audiovisuais.

Competencia dixital: intrínseca aos contidos propios da materia.

Emprendemento social e empresarial: desenvolvemento de proxectos e actividades.

Espírito crítico e científico: procura de información e a investigación nas tarefas e proxectos.

Educación emocional e en valores: contidos sobre seguridade na rede e benestar dixital. O desenvolvemento de proxectos fomentará o traballo en equipo.

Igualdade de xénero: buscarase o reparto axeitado de roles no traballo colaborativo en grupos á hora de desenvolver proxectos, evitando nos proxectos os nesgos de xénero, e aplicando criterios de igualdade.

Creatividade: desenvolvemento de actividades e proxectos onde debe incluír creacións propias.

Educación para a saúde: Contidos relacionados co benestar dixital, tan importante para conservar a saúde emocional na actualidade.

Formación estética: deseño e presentación dos traballos e proxectos.

Educación para a sostibilidade e o consumo responsable: contidos sobre tecnoloxía sostible, respecto pola propiedade intelectual na elaboración de contidos e aplicación de criterios de sostibilidade.

Respecto mutuo: contidos relacionados coa etiqueta dixital. Este respecto e a cooperación entre iguais serán fundamentais no traballo en equipo no desenvolvemento de proxectos.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita á exposición de FP innvoa	Saída na que o alumnado recibirá información sobre saídas técnicas onde aplícanse as competencias traballadas na materia			
Visita a Competición robotica UVIGO	Participación na competición de Robótica de UVIGO			

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Proporciono ao alumnado as rúbricas de avaliación para que saiban como e de que se lles vai a avaliar
Fanse probas orais
Realizo revisión periódicas das actividades e do caderno

Metodoloxía empregada
Fago avaliación inicial ao principio de curso
Comunico a finalidade, importancia e aplicación na vida real das aprendizaxes
Teño en conta o nivel de habilidades dos alumnos e, en función del adapto o proceso de ensino-aprendizaxe
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Propoño plan de traballo para cada sesión
Clima de traballo na aula
Aproveito o interese dos alumnos por un tema determinado para utilizalo como centro de interese
Manteño o clima de traballo e interese do alumnado
Cando é preciso o grupo clase mantén un clima de traballo individual.
Cando é preciso o grupo clase mantén un clima de traballo grupal.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Son accesible ás familias

Descrición:

Farase un seguimento da relación de elementos de avaliación do proceso de ensino e a práctica docente que se indican.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación realizarase periodicamente nas distintas reunións de departamento, e a través do apartado de "Seguimento" da aplicación Proens.

No caso de detectar problemas realizaranse as propostas de mellora e correccións necesarias.

Ao remate do curso realizarase unha avaliación da programación mediante unha táboa de cotexo, baseada nos indicadores de logro do apartado 8.1 desta programación.

9. Outros apartados